



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O [Diario Oficial de Galicia de hoxe](#) publica a resolución pola que se adjudican as axudas para o fomento da contratación de persoal técnico para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia, o [Programa Principia](#).

Trátase da resolución da segunda convocatoria dun programa pioneiro, implementado pola [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) en 2016, co fin de favorecer o [mantemento do talento na nosa comunidade](#), o [desenvolvemento das carreiras profesionais dos nosos mozos](#), así como [estimular a demanda no sector público e privado](#) de persoal suficientemente preparado para realizar actividades de I+D+i.

O programa Principia concede [axudas de 10.000 euros](#), destinadas a apoiar a contratación durante un [período mínimo dun ano de tecnólogos de ata 35 anos](#) nas empresas e centros de coñecemento con sede en Galicia. Ademais, busca fomentar o emprego de calidade primando, nos seus criterios de avaliación, os contratos indefinidos ou de máis longa duración, o salario a percibir polas persoas contratadas ou a existencia de plans de formación e cualificación dentro das empresas ou entidades solicitantes.

Ao abeiro desta segunda convocatoria apóiase a contratación de [210 xoves cualificados](#) en [78 empresas e organismos de investigación con centro de traballo en Galicia](#), o que supón un [investimento total de 2,1 millóns de euros](#) e unha mobilización estimada de capital privado doutros 4,3 millóns.

Da [análise das axudas concedidas](#), cómpre destacar que o [90% das entidades beneficiarias son empresas](#), o que amosa que se está a consolidar a existencia e mantemento dunha área de I+D+i nas empresas da nosa comunidade. En relación ás características dos contratos apoiados, o [49% serán contratos de carácter indefinido](#) e a [retribución bruta anual media](#) a percibir polos técnicos de I+D+i contratados será de [23.600 euros](#). Ademais, o

93% dos técnicos contratados recibirán un **plan de formación ao cargo da empresa** que, no **67%** dos casos, superará as 60 horas. Por último, o **44%** dos **técnicos seleccionados polas entidades beneficiarias carecía de experiencia laboral**, polo que o Principia se confirma como unha boa ferramenta para favorecer a empregabilidade dos nosos tecnólogos.

A partir da publicación da resolución de concesión, o **pagamento das axudas efectuarase dunha soa vez** coa presentación dos contratos incentivados por parte da entidade beneficiaria. Os interesados poden acceder á toda a información sobre o Programa Principia na páxina web de GAIN, premendo neste [enlace](#).

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

